

Le o texto con moita atención.

Primeiro fai unha lectura rápida; despois, volve lelo amodiño, fixándote ben en todos os detalles, para poder responder as preguntas sen miralo.

O oficio dos **oleiros** consiste en facer con barro olas, xerras, cuncas, pratos, tarteiras, pucheiros...

Outro oficio é o dos **cesteiros**. A arte da cestería é anterior á cultura dos castros. Os cestos fanse tanto na vila como no medio rural, e a materia prima é a madeira de castiñeiro, colmo (palla de centeo) e tamén vimbio.

As **palilleiras** confeccionan elaborados encaixes entrelazando, cuns palillos, fíos moi finos que se suxeitan con alfinetes sobre unha almofada. É un oficio tradicional moi antigo que perdura na actualidade e convive coa confección a máquina. A sonda do encaixe de Camariñas (na Costa da Morte) traspasa as nosas fronteiras e mesmo se exhibe nas pasarelas de moda máis afamadas.

Non se poden esquecer os **zoqueiros**, aqueles que facían zocos e zocas, calzado habitual entres as xentes dun país húmido e aberto ás chuvias e que percorrían todos os camiños de Galicia.

E o oficio ambulante por excelencia é o de **afiador**, o cal é moi característico de Ourense. Os afiadores ían polo mundo, polos lugares máis afastados da súa aldea, ofrecendo os seus servizos. Crearon unha linguaxe peculiar e propia, e levaban un asubío xeralmente feito de madeira de buxo que facían soar co seu coñecido pregón: «Afiador e paraugueiro!».

http://www.galespa.com.ar/artesans_tradicionais.htm (adaptación)



1 Cal destes títulos che parece máis adecuado para o texto que acabas de ler?

- Oficios do futuro O triunfo da tecnoloxía
 Oficios tradicionais Tempos modernos

2 Fai corresponder cada debuxo cun dos oficios dos que fala o texto:



.....

3 Relaciona o material utilizado en cada caso co seu oficio:

- vimbio – barro –
 madeira – pedra de afiar –

4 Cal deses oficios era ambulante? Onde estaban os mellores?

.....

- Coa axuda dun adulto, busca información na Rede e di como se chama a lingua característica dese oficio.

.....

5 En que vila galega se palilla o encaixe máis famoso?

- Cres que o oficio de palilleira corre o risco de desaparecer? Por que?

.....

6 Busca **zoco** e **zoca** no dicionario e explica cal é a diferenza entre ambos termos.

.....

.....